

galicia



Xacobeo 21-22

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Xullo 2021

PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	147.625	-12,6%	307.028	-15,2%	2,08	-3,0%	54,91%	-6,77
PENSIÓNS	52.232	-3,1%	95.844	-6,8%	1,83	-3,9%	36,84%	-2,83
ESTAB. HOTELEIROS	199.857	-10,3%	402.872	-13,3%	2,02	-3,4%	49,22%	-5,67
APTOS. TURÍSTICOS	9.432	46,8%	31.046	26,7%	3,29	-13,7%	44,82%	-3,10
CAMPINGS	20.099	-5,7%	106.252	3,2%	5,29	9,4%	32,48%	-0,22
TURISMO RURAL	8.046	-21,7%	15.779	-32,0%	1,96	-13,1%	31,33%	-7,47
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	37.577	-1,2%	153.077	1,6%	4,07	2,8%	-	-
TOTAL	237.434	-9,0%	555.949	-9,7%	2,34	-0,8%	-	-

- O comportamento da demanda turística na provincia de A Coruña segue o patrón xeral da comunidade. Neste mes de xullo consolídase a recuperación, cun nivel de demanda moi superior ao rexistrado no pasado ano –o incremento supera o 60% interanual- pero aínda por debaixo das cifras de 2019. Con máis de 237 mil viaxeiros aloxados e preto de 556 mil noites A Coruña achégase ao 90% do volume de demanda previo á crise.
- Co 35% do total da comunidade é a segunda provincia de maior peso en Galicia, por detrás de Pontevedra.
- O impacto da pandemia e o nivel de recuperación difire entre as distintas tipoloxías de aloxamento. Todas elas superan con creces as cifras do pasado ano mais o comportamento varía en relación ao 2019. Dúas modalidades conseguen colocarse por encima dos niveis previos á pandemia –nun 27% os apartamentos turísticos, grazas a un forte crecemento da cifra de viaxeiros aloxados, e nun 3% os cámpings, como consecuencia neste caso dunha mellora da estadía media- mentres que as tres restantes fican aínda por debaixo dos valores de 2019. O nivel de recuperación achégase ao 95% no caso das pensións –moi notable-, sitúase no contorno do 85% nos hoteis e próximo ao 70% no caso dos establecementos de turismo rural. Todas as porcentaxes están referidas ás pernoctacións.
- O 72% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 55% nos hoteis e un 17% nas pensións-. O 28% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 6%-, os cámpings –co 19%- e os establecementos de turismo rural –co 3% neste caso-. Esta distribución cambia respecto do observado en meses anteriores por mor do auxe dos cámpings, modalidade que ten unha notable presenza no verán –de feito é a segunda tipoloxía con maior volume de pernoctacións- e apenas rexistra niveis de demanda en temporada baixa.

- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Todos superan os niveis do pasado ano mais presentan unha dinámica diferente en relación ao 2019. Neste sentido obsérvase mellor comportamento do lado do turismo interno –dos residentes en Galicia, que se incrementa nun 5,0%-, en relación ao receptor –o segmento nacional mantense estable nos niveis de xullo de 2019 mentres que o internacional segue en cifras negativas, situándose no 45% da demanda rexistrada antes da pandemia-.
- O segmento receptor nacional lidera o mercado turístico hoteleiro en A Coruña, absorbendo o 68% do total da demanda da provincia.
- Con 2,3 noites de media a provincia de A Coruña marca neste mes a segunda cifra de estadía máis alta de Galicia. Mantense en niveis semellantes aos de 2019.
- Os cámpings rexistran a estadía media máis elevada de toda a oferta de aloxamento, con 5,3 noites neste mes de xullo. Nos apartamentos turísticos a cifra sitúase en 3,3 noites, e nas restantes tres modalidades no contorno das dúas noites.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella entre as diferentes tipoloxías. Todas melloran as cifras do pasado ano 2020 –de forma destacada os hoteis cun incremento de máis de 20 puntos- mais fican por debaixo das porcentaxes de 2019. A distancia cos valores previos á crise é menor no caso dos cámpings –cun descenso de apenas dúas décimas- e maior nos establecementos de turismo rural –que fican a máis de sete puntos da porcentaxe previa á pandemia-.
- Os hoteis rexistran neste mes a cifra de ocupación máis alta cun 54,9% de media. No lado contrario a porcentaxe máis baixa cae do lado dos establecementos de turismo rural, cun 31,3% de media.

PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	52.224	4,2%	100.131	5,4%	1,92	1,2%	54,17%	2,13
PENSIÓNS	25.089	-5,1%	31.693	-23,3%	1,26	-19,2%	30,95%	-2,28
ESTAB. HOTELEIROS	77.314	1,0%	131.824	-3,3%	1,71	-4,2%	45,85%	1,48
APTOS. TURÍSTICOS	7.124	18,6%	26.223	9,5%	3,68	-7,6%	48,26%	5,30
TURISMO RURAL	7.147	-6,9%	12.912	-15,4%	1,81	-9,2%	25,08%	-1,71
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	14.271	4,3%	39.135	-0,2%	2,74	-4,3%	-	-
TOTAL	91.585	1,5%	170.959	-2,6%	1,87	-4,0%	-	-

- O INE non ofrece datos de cámpings para a provincia de Lugo. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e cámpings.
- En Lugo rexístranse neste primeiro mes do verán preto de 92 mil viaxeiros aloxados e 171 mil pernoctacións no conxunto da oferta regrada, cifras que superan notablemente os datos do pasado ano e que se sitúan no contorno dos valores previos á pandemia. Neste sentido, en comparación cos datos de 2019 apréciase un leve incremento da cifra de viaxeiros –do 1,5%- mais un descenso do 2,6%-. O nivel de recuperación á case pleno neste caso.
- O comportamento da demanda varía nas diferentes modalidades de aloxamento. Neste sentido todas superan os niveis de demanda do pasado ano –de forma máis acusada as pensións que triplican os valores de xullo de 2020- pero presentan unha dinámica dispar en relación ao 2019. Os hoteis e os apartamentos turísticos superan as cifras previas á pandemia –nun 5% os primeiros e nun 9,5% os segundos- mentres que as pensións e os establecementos de turismo rural mantéñense por debaixo dos valores de 2019. O grao de recuperación das primeiras sitúase no 77% e dos segundos no 15%.
- O 77% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 59% nos hoteis e un 18% nas pensións-. O 23% restante concéntrase basicamente nos apartamentos turísticos –co 15%- quedando cun menor peso os establecementos de turismo rural –representan o 8% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes disparidade de comportamento dos tres grandes segmentos da demanda. O mercado receptor nacional é o único que amosa unha dinámica positiva, superando non só o nivel do pasado ano senón tamén o de 2019 –nun 34% o volume de noites-. O turismo interno e o internacional fican, en cambio, por debaixo dos valores previos á pandemia con niveis de recuperación do 65% o primeiro e do 42% este último.

- Contrasta esta dinámica co observado en meses anteriores cando xustamente o turismo interno presentaba sempre mellor comportamento en termos relativos, e o receptor nacional mantíñase con leves síntomas de recuperación. A pauta de comportamento do verán non afecta ao segmento internacional que se mantén aínda lonxe dos niveis previos á pandemia.
- Co 72% da demanda o segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional. A súa importancia no verán é moi notoria pois practicamente tres de cada catro noites corresponden a este segmento.
- A estadía media en Lugo descende neste mes –nun 6,9% en relación ao pasado ano e nun 4,0% en comparación co 2019- situándose preto de 1,9 noites – a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.
- Con 3,7 noites de media os apartamentos turísticos rexistran a cifra máis alta da oferta regrada. Marcan distancia respecto das restantes tres modalidades que se sitúan por debaixo das dúas noites.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao da demanda. Sobe en todas as modalidades en relación ao pasado ano –de forma notoria nos hoteis cun incremento de máis de 27 puntos porcentuais- mais varía de forma dispar en relación ao 2019. Neste sentido os hoteis e apartamentos turísticos conseguen mellorar as porcentaxes previas á pandemia –en dous puntos os primeiros e en máis de cinco puntos os segundos- mentres que as pensións e os establecementos de turismo rural fican aínda por debaixo dos niveis de xullo de 2019.
- Os hoteis marcan a porcentaxe de ocupación máis alta da oferta regrada cun 27,5% neste mes. No lado contrario a cifra máis baixa queda no segmento de turismo rural, cun 8,6% de ocupación media en xullo.

PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	26.282	-9,0%	49.867	-7,8%	1,90	1,3%	39,46%	-1,72
PENSIÓNS	4.574	-28,8%	11.044	-14,2%	2,41	20,6%	22,78%	2,83
ESTAB. HOTELEIROS	30.857	-12,6%	60.910	-9,0%	1,97	4,1%	34,83%	0,67
APTOS. TURÍSTICOS	702	-42,7%	2.153	-43,4%	3,07	-1,2%	23,12%	-7,77
TURISMO RURAL	4.944	30,5%	11.379	54,9%	2,30	18,6%	36,78%	13,11
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	5.646	12,6%	13.532	21,3%	2,40	7,7%	-	-
TOTAL	36.503	-9,5%	74.442	-4,7%	2,04	5,3%	-	-

- O INE non ofrece tampouco datos de cámpings para a provincia de Ourense. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e cámpings.
- Ourense segue un pouco o mesmo patrón de comportamento que as restantes provincias galegas. Neste inicio de verán supera de forma notable o nivel de demanda do pasado ano –nun 59% o volume de noites- mais fica por debaixo dos niveis previos á pandemia –a capacidade de recuperación sitúase no contorno do 90% para a cifra de viaxeiros aloxados e no 95% para o volume de noites-. A pesar de non achegarse ás cifras de 2019 é certo que o nivel de recuperación da demanda na provincia é moi notable, sobre todo en relación ao observado en meses anteriores-.
- A pesar de rexistrar unha dinámica parella ás restantes provincias Ourense presenta matices diferentes. Neste sentido, por exemplo, obsérvase disparidade de comportamento nas diferentes tipoloxías sendo que unicamente o segmento de turismo rural supera non só os niveis do pasado ano senón tamén os de 2019 –nun 55% no relativo ao volume de noites-. A capacidade de recuperación da demanda é inferior nas tres restantes modalidades de aloxamento, sendo aceptable no segmento hoteleiro –chega ao 92% da demanda previa á crise nos hoteis e ao 76% nas pensións- e menos notoria ou acusada nos apartamentos turísticos –que recuperan pouco máis da metade da demanda de 2019-.
- A diferenza de Ourense respecto das restantes tres provincias radica no comportamento do segmento non hoteleiro. Neste sentido os apartamentos turísticos fican por debaixo dos niveis de 2019 –a notable distancia ademais- e, en cambio, os establecementos de turismo rural marcan aquí cifras moi positivas superando os datos previos á pandemia.
- Con máis de 36 mil viaxeiros aloxados e de 74 mil noites Ourense absorbe neste mes o 4,7% do total da demanda de Galicia. Neste sentido é a provincia de menor volume e peso no inicio do verán.

- En Ourense o 82% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 67% nos hoteis e un 15% nas pensións-. O 18% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun maior peso para os aloxamentos de turismo rural –co 15%- e menos para os apartamentos turísticos –con apenas o 3% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado, cun patrón semellante ao observado en Lugo. Os tres grandes segmentos superan os niveis de demanda do pasado ano pero soamente o turismo receptor nacional consegue superar tamén os niveis previos á crise –nun 8,0% no relativo ao volume de noites-. O mercado interno sitúase por encima do 80% da demanda rexistrada en 2019 mentres que o internacional sitúase aínda lonxe dos valores previos á pandemia –no contorno do 45% da demanda de 2019-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado receptor nacional –absorbe o 55% do total das noites hoteleiras da provincia-. O mercado interno ten tamén un peso importante, superior ao observado nas restantes tres provincias –absorbe neste caso o 38% do total das noites-.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento algo diferente ao da demanda. Neste sentido todas as modalidades superan as porcentaxes do pasado ano e ademais as pensións e os establecementos de turismo rural rexistran cifras superiores ás de 2019 –no caso das primeiras por un axuste da oferta superior á recuperación da demanda e no caso dos segundos por un importante crecemento do volume de noites-.
- O nivel de ocupación nos hoteis sitúase dous puntos por debaixo dos niveis previos á pandemia mentres que nos apartamentos turísticos a porcentaxe fica aínda lonxe dos valores de 2019 –a distancia achégase neste caso aos oito puntos-.
- Cun 39,5% de media os hoteis rexistran a cifra de ocupación máis elevada da oferta regrada na provincia de Ourense. Marcan tamén unha porcentaxe importante os establecementos de turismo rural, cun 36,8% neste caso.
- A estadía media mantense nos niveis do pasado ano mais supera nun 5% a cifra de 2019. Con pouco máis de dúas noites rexistra a segunda cifra máis baixa das provincias galegas.
- Con algo máis de tres noites os apartamentos turísticos marcan a cifra máis alta dentro da provincia. As pensións e os establecementos de turismo rural sitúanse por encima das dúas noites –con 2,4 noites as primeiras e con 2,3 noites estes últimos-, quedando unicamente os hoteis por debaixo dese umbral –cunha media de 1,9 noites-.


PROVINCIA DE PONTEVEDRA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19	%	Var. Int. 21/19
HOTEIS	153.235	-11,9%	413.871	-15,5%	2,70	-4,2%	55,98%	-5,26
PENSIÓNS	19.703	-34,9%	43.787	-27,2%	2,22	11,7%	32,12%	-8,98
ESTAB. HOTELEIROS	172.938	-15,3%	457.658	-16,8%	2,65	-1,8%	52,21%	-5,88
APTOS. TURÍSTICOS	11.429	12,8%	60.117	7,8%	5,26	-4,4%	45,95%	-6,97
CÁMPINGS	53.700	18,1%	231.988	24,1%	4,32	5,1%	47,98%	9,38
TURISMO RURAL	7.843	3,0%	21.400	0,4%	2,73	-2,5%	37,60%	1,57
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	72.972	15,4%	313.505	18,8%	4,30	2,9%	-	-
TOTAL	245.910	-8,0%	771.163	-5,3%	3,14	3,0%	-	-


- O comportamento global da demanda turística en Pontevedra é semellante ao observado nas restantes tres provincias no sentido de que supera con creces os niveis do pasado ano –nun 46% o volume de noites- pero fica aínda por debaixo dos valores previos á pandemia –en concreto o nivel de recuperación sitúase no 92% para a cifra de viaxeiros aloxados e no 95% para o volume de noites-. En todo caso as cifras destes mes de xullo aproxímanse bastante ás de 2019.
- Esta dinámica non afecta por igual a todas as modalidades de aloxamento. Neste sentido o segmento hoteleiro presenta peor comportamento en termos relativos –rexistran cifras inferiores ás de 2019, un 15% menos os hoteis e un 27% menos as pensións-. O segmento extrahoteleiro presenta en cambio unha dinámica positiva por canto supera non só as cifras do pasado ano senón tamén os niveis previos á crise –nun 8% os apartamentos turísticos, nun 24% os cámpings e en apenas un 0,5% os establecementos de turismo rural, porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En termos absolutos Pontevedra gaña neste ano máis de 243 mil novas pernoctacións en relación ao pasado ano 2020.
- É, ademais, a provincia de maior volume e peso en Galicia. Absorbe o 49% do total da comunidade neste sétimo mes do ano. Significa isto que no inicio do verán case a metade da demanda turística da comunidade localízase na provincia de Pontevedra.
- A nivel interno obsérvase que o 60% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 54%- e ás pensións –co 6% neste caso-. O 40% restante concéntrase nos apartamentos turísticos –co 8%-, nos cámpings –co 30%- e nos establecementos de turismo rural –co algo máis do 2% neste caso-.

- A nivel de mercados obsérvase un comportamento parello por canto os tres segmentos superan as cifras do pasado ano –de forma máis acusada o turismo receptor nacional- e ao mesmo tempo os tres fican por debaixo dos niveis de 2019. A distancia é menor no caso do segmento nacional –o nivel de recuperación sitúase no 90% para o mercado interno e no 93% para o que procede do resto do Estado- e máis longa no caso do turismo internacional – que se sitúa no contorno do 40% da cifra de 2019-.
- Co 67% do total das noites hoteleiras o turismo receptor nacional lidera o mercado en Pontevedra neste mes de xullo. O turismo interno absorbe case unha cuarta parte mentres que o internacional apenas representa o 9% das noites na provincia.
- A estadía media do inicio do verán mantense levemente por debaixo do valor do pasado ano mais supera nun 3,0% o dato de 2019, situándose en algo máis de 3,1 noites.
- Neste contexto destaca o dato dos apartamentos turísticos e dos cámpings, que rexistran unha media de 5,3 e 4,3 noites respectivamente. Con 2,7 noites sitúanse os hoteis e establecementos de turismo rural mentres que as pensións marcan o valor máis baixo, con 2,2 noites neste caso.
- Os niveis de ocupación varían tamén de forma dispar neste mes. Todas as modalidades superan as porcentaxes do pasado ano mais soamente os cámpings e os establecementos de turismo rural conseguen situarse tamén por encima dos niveis previos á pandemia –en algo máis de nove puntos os primeiros e en preto de dous puntos estes últimos-. Nas restantes tres modalidades a distancia coas cifras de 2019 varía dos cinco puntos nos hoteis aos nove puntos nas pensións.
- Os hoteis rexistran o nivel de ocupación máis alto da oferta regrada cun 56,0% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nas pensións, co 32,1% neste caso.


Reparto da demanda turística regrada. Noites xullo 2021



Variación da demanda turística regrada. Noites xullo 21/19



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites xullo 2021



Variación da demanda por tipoloxías e provincia. Noites xullo 21/19

